

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019050	IES de Beade	Vigo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Grego II	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

1. Introducción

O IES BEADE.

O IES. BEADE sitúase nun barrio moi preto do centro urbano de Vigo. Trátase dunha zona eminentemente semi-rural, aínda que tamén é residencial, polo que o nivel socioeconómico e cultural das familias é dispar contando cunha maioría de veciños de nivel medio ou medio-baixo. Ademais, o alumnado que chega dun dos centros adscritos é, nunha alta porcentaxe, de familias inmigrantes chegadas tardiamente ao sistema educativo español.

O noso Centro aspira a educar ao alumnado como cidadáns críticos, con capacidade para buscar fontes de información fiables e formar e defender as súas propias opinións, socialmente activos, solidarios e defensores da paz, que entenda a diversidade como unha riqueza e unha oportunidade educativa, que leve a cabo iniciativas tendentes a acadar a igualdade e a erradicar a discriminación e a violencia de xénero, que valore os hábitos saudables,

Partindo do noso contexto e tendo en conta sempre as sinais de identidades do mesmo, o estudo da lingua e da cultura gregas na materia de Grego II de BACHARELATO permitirán ós nosos alumnos adquirir uns coñecementos e uns valores que se mantiveron vixentes ó longo da nosa historia e nos que aínda seguimos inmersos.

Un dos nosos obxectivos desta materia é que o alumno de BAC acade uns coñecementos básicos da lingua grega nos seus aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos, coa fin de acceder a textos literarios, orixinais ou adaptados, comprender mais profundamente conceptos lingüísticos esenciais para avanzar no coñecemento e o uso correcto da lingua propia e de linguas estranxeiras e coa fin de aumentar o seu caudal léxico e a súa bagaxe cultural.

Outro dos nosos obxectivos é que, partindo do coñecemento da lingua grega, o alumno se inicie no coñecemento directo do pensamento e da cultura grega, que constitúen o soporte da civilización occidental, sen menosprezar aqueles elementos asimilados doutras culturas. O estudo do mundo grego, e tamén latino, nas áreas da cultura, da literatura, das artes e das ciencias, das institucións e dos modos de vida, e o recoñecemento da súa transmisión e continuidade, será de gran importancia para que o alumno tome conciencia da súa identidade como individuo e como cidadá e para que entenda os antecedentes e a configuración do que hoxe chamamos Europa.

Con esta materia os alumnos desenvolven o aprendizaxe e o uso correctos das linguas, é dicir, a competencia en comunicación lingüística e da competencia plurilingüística; profundan nos valores democráticos e o respecto polo legado artístico do mundo antigo, é dicir, desenvolven a competencia cidadá, da competencia persoal, social e de aprender a aprender, e da competencia en conciencia e expresións culturais; adquiren coñecementos relacionados coas ciencias e as técnicas no mundo antigo e aprenden a valorar o vocabulario científico, é dicir, desenvolven a competencia matemática, científica e tecnolóxica; desenvolven unha maior capacidade de autonomía e de espírito emprendedor, é dicir, a competencia emprendedora; e, por último e non menos importante, fan uso continuado das Tics mellorando a súa competencia dixital.

O DEPARTAMENTO DE GREGO do IES BEADE.

Durante o curso 2023 - 2024 o Departamento de Grego do IES Beade está composto por unha soa profesora con destino definitivo no centro e, polo tanto, xefa do mesmo, M^ª Isabel Rivero Gutiérrez, que imparte as seguintes materias:

- Grego en 1^º e 2^º de BAC
- Latín en 4^º de ESO
- Latín en 1^º e 2^º de BAC

Esta profesora ten 19 horas lectivas en total coas que completa o seu horario, polo que a materia de Cultura Clásica de 3^º ESO, con tres horas á semana en un grupo, será impartida por outra profesora:

- Paula Fernández Bañuelos, pertencente ó departamento de Xeografía e Historia.

O GREGO II NO BACHARELATO.

Elaborar unha programación implica organizar por anticipado a acción educativa, establecendo unha planificación concreta para un período determinado dentro dos obxectivos fixados polas autoridades educativas. Esta medida contribúe á mellora da calidade do ensino porque reforza a conciencia da finalidade e os obxectivos, promove a participación e a colaboración entre o profesorado, facilita a adaptación a distintos contextos académicos e fai rendibles o esforzo, o tempo e os recursos.

- OBXECTIVOS. En canto a estes obxectivos, nesta programación non fixemos modificación ningunha con respecto aos descritores sinalados no currículo por parecernos suficientes e, sobre todo, xa que pode ter influencia no peso relativo da materia na adquisición das competencias clave, aspecto que debería ser acordado na concreción curricular.

- CONTIDOS. Organizamos os contidos dos catro bloques do currículo en unidades didácticas que compatibilicen os de carácter literario, os gramaticais e os de tradución. Así, situamos na primeira avaliación, nas primeiras sesións do curso, as UD referidas ao repaso e ampliación de morfosintaxe. A continuación comezaremos coas UD de comprensión e traducións dos textos dos dous autores propostos, en principio un e despois o outro, aínda que en función da marcha do curso tamén se poderían ir alternando. En canto ás UD referidas á literatura, propoñemos a épica para o primeiro trimestre, lírica, teatro e mitoloxía para o segundo, para facelo coincidir coa tradución dos

textos de Apolodoro e, por último a historiografía, ao mesmo tempo que se traduce a Xenofonte. A UD de léxico e helenismos será distribuída durante todo o curso en varias sesións.

- **CRITERIOS DE AVALIACIÓN.** Cada vez máis se está a insistir na necesidade de que os criterios de avaliación sexan claros e perfectamente axustados á normativa vixente, establecéndose pesos concretos para UD e avaliacións. En canto ao peso das unidades didácticas, hai que dicir que as de contido cultural, literario neste caso, teñen un peso que equivale ao 20 % da materia e as de contidos etimolóxicos, helenismos, teñen un peso que equivale ó 10 % da materia. As demais, porén, van modificando progresivamente o seu valor. Isto é así porque a avaliación dos contidos lingüísticos require, normalmente, da aplicación dunha avaliación progresiva, dado que os contidos dunha unidade son tratados na seguinte e así sucesivamente. Así pois, o conxunto das UD que se dedican a temas lingüísticos (gramática e textos) supoñen o 70 % da cualificación final e, ademais, entre elas, estarán ponderadas.

No que atinxe á ponderación dos distintos contidos tomouse como referencia os criterios de avaliación establecidos polo Grupo de Traballo de Latín da CiUG. Isto, como todo nesta programación, pode ser modificado en función dos criterios de cada docente.

- **METODOLOXÍA.** As pautas metodolóxicas que se dan nesta programación son en grande medida froito da experiencia docente particular e vinculadas a un modo de organización da materia moi determinado. Se traballará a lingua latina seguindo o método tradicional e métodos activos, tendo en conta que a actual configuración da proba da ABAU adáptase moito mellor ao primeiro ca aos últimos..

- Finalmente, no que atinxe á avaliación da **PRÁCTICA DOCENTE**, nesta programación propónse o desenvolvemento e utilización de enquisas ao alumnado para medir certos parámetros. A experiencia docente propia di que este método é moi recomendable dado que dá ao profesorado dun modo rápido unha radiografía xeral da percepción que o alumnado ten dos aspectos considerados na enquisa coa finalidade de mellorar a programación de cara a seguintes versións, especialmente no que se refire ás sesións dedicadas a cada UD, a distribución por trimestres, os instrumentos de avaliación e mesmo o peso de cada criterio de avaliación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos gregos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua grega, as unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os étimos e formantes gregos presentes no léxico de uso cotián, identificando os cambios semánticos que tivesen lugar e establecendo unha comparación coas linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos gregos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo heleno e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico grego á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, promovendo a súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial grego como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Morfoloxía nominal	Repaso e ampliación dos contidos de morfoloxía nominal de Grego I: declinacións, adxectivos, pronomes, graos do adxectivo...	5	8	X		
2	Morfoloxía verbal	Repaso e ampliación dos contidos de morfoloxía verbal de Grego I: modos e tempos verbais, formas nominais, verbos contractos, consonánticos, en -mi...	5	12	X		
3	Sintaxe	Coordinación: tipoloxía e conxuncións. Subordinación: tipoloxía e conxuncións.	5	8	X	X	
4	Léxico e etimoloxía	Estudo dos helenismos presentes nos textos de Apolodoro e Xenofonte e na selección proposta pola CiUG.	10	12	X	X	X
5	Textos 1	Textos de 2º BAC adaptados ao nivel de gramática tratado na aula. Trazos lingüísticos e temáticos preferentemente	15	25	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Textos 1	dos autores propostos pola CIUGA. para as ABAU. Tradución e comprensión.	15	25	X	X	X
6	Textos 2	Trazos lingüísticos e temáticos preferentemente dos autores propostos pola CIUGA para as ABAU. Tradución e comprensión.	40	25		X	X
7	Literatura grega I: épica	Trazos da épica. Lectura dos cantos I, VI, XVI e XXII da Ilíada. Argumento e personaxes.	4	4	X		
8	Literatura grega II: lírica	Lírica arcaica: lectura de poemas de Arquíloco, Safo e Anacreonte. Temáticas.	4	4		X	
9	Literatura grega III: teatro	Trazos do teatro grego. Autores, obras e temática. Sófocles: Edipo Rei. Aristófanes: Asemblea de mulleres.	4	8			X
10	Literatura grega IV: historiografía	Autores. Xenofonte e a súa obra: Anábasis, Helénicas, Ciropedia...	4	5			X
11	Legado e patrimonio	Mitoloxía. Representacións e festivais teatrais: evolución e persistencia na actualidade. Técnicas de debate e exposición oral.	4	5		X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Morfoloxía nominal	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada realizando análise morfolóxica dos elementos nominais e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (afondamento na tipoloxía do verbo grego). - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.

UD	Título da UD	Duración
2	Morfoloxía verbal	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada realizando análise morfolóxica dos elementos verbais e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (afondamento na tipoloxía do verbo grego). - Formas nominais do verbo. - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.

UD	Título da UD	Duración
3	Sintaxe	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada realizando análise sintáctica e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua grega. - Sintaxe oracional: afondamento nas funcións básicas e sintaxe dos casos. - Estructuras oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.

UD	Título da UD	Duración
4	Léxico e etimoloxía	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico de termos aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos.	PE	80
CA2.2 - Explicar a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar a relación do grego coas linguas modernas analizando os elementos etimolóxicos comúns de orixe grega.		
CA2.3 - Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos referidos á etimoloxía e helenismos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade.	TI	20
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e da cultura gregas como fonte de inspiración.	Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico grego e plurilingüismo. - Procedementos de composición e derivación na formación de palabras gregas. - Lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega no léxico de uso común e nos léxicos especializados doutros campos. - Significado e definición de léxico nas linguas do repertorio lingüístico do alumnado, reflexión sobre o significado etimolóxico e o significado semántico. - Técnicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia. - O significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.

Contidos

- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).

UD	Título da UD	Duración
5	Textos 1	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada atendendo a aspectos morfosintácticos e léxicos.	PE	80
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	Seleccionar o significado apropiado das palabras utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.		
CA1.6 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos do autor proposto aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	TI	20
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas propias do autor, asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega no que se refire á comprensión dos textos seleccionados do autor proposto.		
CA1.8 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, da contorna textual e do propio texto, do contexto, do coñecemento do tema, da descrición da estrutura e xénero, das peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, dos erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua grega. - Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos. - Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos. - Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en grego de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.

UD	Título da UD	Duración
6	Textos 2	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada atendendo a aspectos morfosintácticos e léxicos.	PE	75
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	Seleccionar o significado apropiado das palabras utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.		
CA1.6 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos do autor proposto aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.	TI	25
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas propia do autor, asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega no que se refire á comprensión dos textos seleccionados do autor proposto.		
CA1.8 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- A análise morfosintáctica como ferramenta de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, da contorna textual e do propio texto, do contexto, do coñecemento do tema, da descrición da estrutura e xénero, das peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, dos erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Ferramentas de tradución.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.
- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.
- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en grego de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.

UD	Título da UD	Duración
7	Literatura grega I: épica	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de épica aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	PE	80
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, personaxes e valores éticos ou estéticos de fragmentos de épica comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.3 - Identificar e definir palabras gregas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.	Identificar e definir palabras gregas para o estudo e comprensión da civilización helena.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da literatura grega do xénero épico localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.	TI	20
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado coa literatura épica, de forma adecuada e respectuosa e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega. - A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta. - Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición. - Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos. - Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio. - Analogías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual. - Introducción á crítica literaria. - A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
8	Literatura grega II: lírica	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de lírica arcaica aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	PE	80
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de poemas ou fragmentos de lírica arcaica comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.3 - Identificar e definir palabras gregas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.	Identificar e definir palabras gregas para o estudo e comprensión da civilización helena.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da lírica grega arcaica, localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.	TI	20
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado coa lírica arcaica, de forma adecuada e respectuosa e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega. - A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta. - Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición. - Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos. - Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio. - Analogías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual. - Introducción á crítica literaria. - A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
9	Literatura grega III: teatro	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de teatro grego aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	PE	80
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos de teatro grego comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.3 - Identificar e definir palabras gregas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.	Identificar e definir palabras gregas para o estudo e comprensión da civilización helena.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado do teatro grego localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.	TI	20
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado co teatro grego, de forma adecuada e respectuosa e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.		
CA4.4 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Explorar a presenza de temas, personaxes, estética e recursos do teatro grego na contorna do alumnado reflexionando sobre as implicacións dos seus usos e dando exemplos da súa persistencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega. - A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta. - Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos. - Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio. - Analoxías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual. - Introducción á crítica literaria. - A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade.

UD	Título da UD	Duración
10	Literatura grega IV: historiografía	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de textos históricos aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	PE	80
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de textos históricos comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.3 - Identificar e definir palabras gregas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.	Identificar e definir palabras gregas para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da literatura historiográfica localizando, seleccionando e contrastando información procedente de diferentes fontes, con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.	TI	20
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio artístico e cultural herdado da civilización grega relacionado co xénero historiográfico, de forma adecuada e respectuosa e interesándose pola súa preservación e sostibilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega.
- A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta.
- Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición.
- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos.
- Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.
- Analogías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual.
- Introducción á crítica literaria.
- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Técnicas de debate e de exposición oral.

UD	Título da UD	Duración
11	Legado e patrimonio	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos de temática mitolóxica aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	PE	80
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios gregos comparándoos con obras ou fragmentos literarios de épocas e culturas posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de textos de temática mitolóxica comparándoos con obras de épocas e culturas posteriores.		
CA3.3 - Identificar e definir palabras gregas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.	Identificar e definir palabras gregas para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito relixioso, seleccionando e contrastando información de diferentes fontes con fiabilidade e respecto pola propiedade intelectual.	TI	20
CA4.1 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico.		
CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	Identificar e explicar o legado material e inmaterial da mitoloxía grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Etapas, vías e soportes de transmisión da literatura grega. - A transmisión textual grega como patrimonio cultural e fonte de coñecemento a través de diferentes culturas e épocas. Soportes e materiais de escritura: tipos e preservación. O comercio librario no mundo antigo. A lectura en voz alta. - Principais xéneros e autores da literatura grega: orixe, tipoloxía, cronoloxía, características, temas, motivos e tradición. - Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos. - Recepción da literatura grega: influencia na literatura latina e na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio. - Analogías e diferenzas entre os xéneros literarios gregos e os da literatura actual. - Introducción á crítica literaria. - A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Grego II, como outras de segundo de bacharelato ten varios condicionamentos importantes:

1. Esixencias das ABAU.
2. Limitación de tempo, reducido a un máximo de 116 sesións.
3. Metodoloxía empregada en Grego I.
4. Tipoloxía dos contidos que veñen dados polas cuestións das propias ABAU: repaso de morfosintaxe e explicación de novos contidos, tradución e comprensión de textos seleccionados dos autores propostos, literatura e lecturas, etimoloxía e helenismos.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES DE CONTIDOS MORFOSINTÁCTICOS (UD1- 3)

Para traballar os contidos lingüísticos alternaranse os dous métodos de traballo:

a) Método tradicional. O profesor comezará esta materia facendo un repaso da gramática tratada en 1.º de Bacharelato, para despois pasar a explicar os contidos de gramática correspondente a 2.º de Bacharelato. Normalmente a metodoloxía empregada será a tradicional baseada en explicacións teóricas que se apoiarán en exercicios de práctica, recoñecemento e consolidación dos contidos tratados. Pódese pasar despois á tradución de textos con axuda dun dicionario, textos dun ou máis autores, normalmente coincidentes cos que serán obxecto de exame na ABAU. O alumnado é o que debe traducir, ben na casa, ben na aula, e xustificar a súa tradución media a análise morfolóxica e sintáctica sistemática do texto. Incentivarase a colaboración e participación de todo o grupo.

b) Métodos activos. Para practicar a tradución con métodos activos recoméndase que os textos de traballo sexan textos adaptados da selecta ou selectas dos autores que serán obxecto de exame na ABAU, para que o alumnado se familiarice dende o principio co tema e, especialmente, co vocabulario de máis frecuencia nestes autores. Parece conveniente non usar dicionario ó principio e limitar os contidos gramaticais a aqueles que aparecen nos textos dos autores de estudo, seguindo así o principio da frecuencia para seleccionar os contidos a tratar. Unha vez rematada a explicación dos contidos gramaticais, o alumnado pasará a traballar cos textos orixinais dos autores obxecto de estudo. Neste momento é conveniente introducir o uso do dicionario como ferramenta de apoio puntual e soamente en casos moi xustificadas. Ademais é momento, tamén, de pedir que se fagan reflexións morfolóxicas e sintácticas de pequenas partes dos textos.

METODOLOXÍA PARA A UNIDADE DE ETIMOLOXÍA (UD4)

Estes contidos xa veñen sendo traballados dende o curso de Grego I e o que se lle pide ao alumnado é que atope e explique helenismos derivados de palabras gregas dunha listaxe proposta polo grupo de traballo tomadas dos textos obxecto de tradución e comprensión xunto con algunhas que teñen unha fecunda familia de neoloxismos. A medida que eses termos vaian aparecendo nos textos, realizarase a explicación e a recompilación de helenismos relacionados, non só na lingua de uso do alumnado, senón tamén noutras do repertorio, de modo que se poidan verificar as semellanzas e diferenzas de transcripción en cada unha delas.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES DE COMPRESIÓN E TRADUCIÓN DE TEXTOS (UD5 - 6)

1. A lectura en voz alta, con corrección tanto na pronuncia como na acentuación, debe seguir a ser en 2.º un obxectivo importante na materia. Aconséllase o repaso das normas de lectura e de prosodia e, ademais, o emprego da pronunciación histórica fronte á erasmiana polas vantaxes que ofrece de cara á comprensión do grego moderno.

2. División do texto en secuencias que teñan sentido, facendo uso dos signos de puntuación, as formas verbais como núcleo das oracións e resto de elementos sintácticos de enlace: conxuncións que clarifiquen a organización das oracións e preposicións para os complementos circunstanciais, etc.

3. Achegamento á comprensión do léxico utilizando ferramentas como a etimoloxía, o contexto e, no seu caso, de ser necesario, os dicionarios en formato papel ou en liña.

4. Ofrecer unha interpretación e comentario do contido do texto, procedendo entre todo o alumnado á súa corrección e mellora.

5. Resposta a preguntas formuladas polo profesorado sobre o contido, cuxa solución estará no propio texto, facendo as correspondentes transformacións en canto a tempo e persoas verbais, voces, complementos, etc. coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.

6. Reflected oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos e redactar textos adicionais imitando a estrutura do texto traducido, completando o contido, ofrecendo outra versión, etc.

7. Lectura comparada de diferentes traducións publicadas e comentario de textos, comprendendo as diferenzas atopadas e entendendo o compromiso existente entre literalidade e literariedade da tradución.

METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES DE LITERATURA (UD7 - 11)

1. Explicación por parte do profesorado e lectura de textos en voz alta na aula e tamén de forma individual na casa, elaboración de exercicios, resolución de cuestionarios en liña e traballos guiados que se avalían fundamentalmente a través de táboas de indicadores como rúbricas.

2. A aula invertida (flipped classroom). Este modo de traballo supón que o alumnado accede á información de modo previo, de forma guiada e progresivamente de forma autónoma, e despois procédese a traballar de modo activo na aula aplicando ese coñecemento previo adquirido. Esta metodoloxía presenta, entre outros, o reto de que tanto profesorado como alumnado debe contar con acceso e suficiente destreza de uso das TIC.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións, A Coruña, 2017.
Libro de texto de editorial ANAYA de 1º de Bacharelato.
José María Pabón de Urbina: Diccionario manual Griego clásico-Español. Vox-Bibliograf, Barcelona, 2014.
Juan Coderch Sancho: Diccionario español-griego. Ediciones Clásicas, Madrid, 1997.
Homero: Ilíada (cantos I, VI, XVI, XXII).
Antoloxía da poesía lírica: Safo, Arquíloco e Anacreonte.
Sófoles: Edipo rei.
Aristófanes: Asembleístas.
Aula Virtual.

LIBRO DE TEXTO

- José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións (Consortio editorial galego), A Coruña, 2017. Libro para Grego I e II editado en galego e cun enfoque gramatical. Conta cunha antoloxía de textos de temática mitolóxica, lírica, fabulística, etc.
- Libro de texto de editorial ANAYA de 1º de Bacharelato.

LIBROS DE LECTURA

Para as UD de literatura (épica, lírica, teatro) haberá as correspondentes lecturas das que ademais se examina o alumnado nas probas das ABAU. Incluímos tamén as lecturas das obras representadas no Festival de Teatro Grecolatino.

DICCIONARIOS

Usaremos o diccionario VOX en papel ou en formato dixital. Tamén será útil un diccionario de español-grego para a elaboración de textos e comentarios en grego. Destes e doutros dicionarios usaremos tamén a versión dixital cuxos enlaces poden verse a continuación.

OUTROS RECURSOS

- Recursos en rede asociados cos métodos descritos:

<https://aulavirtual.baiaedicions.gal/10>

<https://www.dicciogriego.es/>

http://www.epapontevedra.com/documentos/latinegrego/grego/Diccionario_vox_griego_clasico-esp.pdf

<http://aliso.pntic.mec.es/agalle17/logos/inicio.html>

<http://etimologias.dechile.net/>

- Acceso á AULA VIRTUAL do IES.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

INTRODUCCIÓN

A materia de Grego II de 2.º de bacharelato é unha materia de continuidade, polo que o alumnado xa terá cursado Grego I e será coñecido para o profesorado, pero se non o coñece por diversas circunstancias, será especialmente necesaria facer unha avaliación inicial. Ademais, para facela máis efectiva sería conveniente contactar co departamento de orientación o antes posible, para poder acceder á información que sobre o alumnado en particular poida ter este departamento.

TEMPORALIZACIÓN

A Al hase levar a cabo antes do remate da 4.ª semana de curso e, en todo caso, antes das reunións dos equipos

educativos para a posta en común dos resultados da mesma.

OBXECTIVOS

- 1.º Identificar e determinar o nivel de coñecementos de todo o alumnado que non cursara no centro o ano anterior a materia de Grego I.
- 2.º Coñecer as motivacións do alumnado para escoller a materia de Grego II. Aínda que isto xa se fixo en 1.º, é importante volver preguntarlle por este aspecto dado que é moi frecuente que se produzan cambios de motivacións e/ou obxectivos que pode ser relevante coñecer.
- 3.º Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE).
- 4.º Identificar o alumnado repetidor.

INSTRUMENTOS

1. Actas e memoria do departamento do curso anterior.
2. Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder a preguntas relacionadas cos catro obxectivos apuntados anteriormente.
3. Diálogo informal co alumnado os primeiros días de aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	10	15	40	4	4	4	4
Proba escrita	100	100	100	80	80	75	80	80	80	80
Táboa de indicadores	0	0	0	20	20	25	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	100
Proba escrita	80	81
Táboa de indicadores	20	19

Criterios de cualificación:

1. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS ORDINARIAS.

Ó ser avaliación continua e tratarse do estudo dunha lingua, os contidos referidos á lingua, léxico e textos dunha avaliación manteranse na seguinte, resultando así que a cualificación positiva nunha avaliación suporá automaticamente a superación da anterior. Polo tanto, non hai necesidade de exames de recuperación intertrimestrais, senón o lóxico seguimento da evolución do alumno en probas posteriores que darán testemuño da súa recuperación.

Os criterios de cualificación nas avaliacións ordinarias serán os seguintes:

- A) 70 % para as 2 PROBAS ESCRITAS relacionadas cos CCA correspondentes ó bloque de COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DOS TEXTOS (BLOQUE 1). A nota obtida será a media de ambas. Aplicarase o criterio da avaliación continua polo que non gozarán de recuperacións intertrimestrais, pero si dunha recuperación ao final do curso. Considerarase positiva a cualificación cando se supere o 50% dos CCA deste bloque e o seu aprobado é condición sine qua non para aprobar a avaliación.
- B) 10 % para 1 PROBA ESCRITA OU ORAL relacionada cos CCA correspondentes ó bloque de GREGO E PLURILINGÜISMO (BLOQUE 2). No caso de resultar negativa a cualificación, farase a recuperación pertinente.
- C) 20 % para 1 RÚBRICA / PROBA relacionada cos CCA correspondentes ós bloques de A LITERATURA GREGA NOS

SEUS TEXTOS (BLOQUE 3) e LEGADO E PATRIMONIO (BLOQUE 4). No caso de resultar negativa a cualificación, faranse as recuperacións pertinentes das partes suspensas.

Haberá un REXISTRO DE OBSERVACIÓN das actitudes do alumno con respecto a:

1. Traballo na aula e na casa: fai as actividades con limpeza e orde nos traballos ou caderno de clase.
2. Interese pola materia: participa con regularidade e / ou fai preguntas.
3. Espírito crítico e construtivo nas súas valoracións.

1.1. OBSERVACIÓNS. Para unha cualificación correcta terase en conta o seguinte:

1. Avaliación superada. Considerarase superada unha avaliación cando se obteña unha cualificación positiva no 50 % dos CCA, es dicir, un 5.
2. Avaliación non superada. Se un alumno non supera unha avaliación, por ter suspenso una proba / traballo / rúbrica, deberá facer a recuperación correspondente nunha data fixada previamente, sempre que dita recuperación sexa pertinente.
3. Avaliación ordinaria. Se un alumno non supera as probas correspondentes aos CCA do BLOQUE 1 de Lingua e Textos só na 3ª avaliación, ou nin na 1ª nin na 2ª nin na 3ª avaliacións, poderá presentarse a unha recuperación final previa á proba extraordinaria.
4. Avaliación extraordinaria. Se o alumno non supera con cualificación positiva a materia cos procedementos xa sinalados, deberá presentarse ó exame extraordinario no que se recollerán os contidos correspondentes aos CCA sinalados como mínimos nesta programación.
5. Copia nos exames. Cando se demostre que algún exame foi obxecto de copia, considerarase como non superado, pero arbitrarase outra proba que lle dea ao alumno a oportunidade de superar esa materia. A proba será oral ou escrita e, se se pode, de xeito inmediato.
6. Errores ortográficos. Descontarase 0,10 por cada erro ortográfico ata un máximo de 1 punto.
7. Redondeo nas notas das avaliacións. A nota dunha avaliación poderá ser redondeada no seguinte enteiro (un alumno que ten como media da 1ª Avaliación 6,57 poderá ter no boletín un 7), sempre e cando a persoa docente considere que esta aproximación vai redundar nun beneficio para o alumno e este teña valoración positiva no Rexistro de Observación (traballo, interese pola materia, espírito crítico,...). Isto tamén rexe para a cualificación final.
8. Unha proba non realizada. Se a ausencia é xustificada documentalmente, a profesora concertará co alumno outra data para a realización da proba.
9. Alumnos con problemas para asistir a clase. No caso de que o control do traballo diario non poda facerse na aula por causas de forza maior (enfermidade, accidente...), a avaliación do alumno farase por outros medios que permitan ó profesor darlle indicacións e poñerlle as tarefas que considere oportunas e ao alumno realizar ditas tarefas e envialas periodicamente ao profesor, para que este as poda corrixir e observar as dificultades ou erros que poda ter e resolvelos axeitada e rapidamente. Tamén se arbitrarán probas específicas sobre os contidos, que se realizarán no centro ou na casa do propio alumno.

Se todo o comentado anteriormente non é factible, haberá que pensar na realización dunha proba única ó final do curso, que coincidirá coa proba final que realicen os compañeiros do seu grupo.

2. CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS.

Obterase da seguinte maneira:

- 1.ª AVALIACIÓN: media promediada das UD que a integran segundo a seguinte fórmula: $(UD1 \times 5) + (UD2 \times 5) + (UD3 \times 2) + (UD4 \times 2) + (UD5 \times 5) + (UD7 \times 4) + (UN10 \times 2)$: 25 %
- 2.ª AVALIACIÓN: media promediada de cada unha das UD que a integran segundo a seguinte fórmula: $(UD3 \times 3) + (UD3 \times 3) + (UD5 \times 5) + (UD6 \times 16) + (UD8 \times 4) + (10 \times 2) + (UD11 \times 2)$: 35 %
- 3.ª AVALIACIÓN: media promediada de cada unha das UD que a integran segundo a seguinte fórmula: $(UD4 \times 5) + (UD5 \times 5) + (UD6 \times 24) + (UD9 \times 4) + (UD11 \times 2)$: 40 %

3. CUALIFICACIÓN FINAL DA MATERIA.

- 1.ª AVALIACIÓN achega o 25 % da cualificación final.
 - 2.ª AVALIACIÓN achega o 35 % da cualificación final.
 - 3.ª AVALIACIÓN achega o 40 % da cualificación final.
- Así pois a FÓRMULA final é: $(1.ª \text{ AVALIACIÓN} \times 0,25) + (2.ª \text{ AVALIACIÓN} \times 0,35) + (3.ª \text{ AVALIACIÓN} \times 0,40)$

3.1. OBSERVACIÓNS:

1. As cualificacións que se van utilizar para o cálculo da cualificación final serán os enteiros que por lei deben aparecer no boletín.
2. A nota final poderá ser redondeada no seguinte enteiro, sempre e cando a persoa docente considere que esta aproximación vai redundar nun beneficio para o alumno e este teña valoración positiva no Rexistro de Observación (traballo, interese, espírito crítico, construtivo e respectuoso,...)
3. Valorarase na nota final que o alumno que teña aprobadas tódalas avaliacións.

4. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.
2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

Criterios de recuperación:

Ó ser avaliación continua e tratarse do estudo dunha lingua, os contidos referidos á lingua, léxico e textos dunha avaliación manteranse na seguinte, resultando así que a cualificación positiva nunha avaliación suporá automaticamente a superación da anterior. Polo tanto, non hai necesidade de exames de recuperación intertrimestrais, senón o lóxico seguimento da evolución do alumno. Tendo en conta isto os criterios de recuperación que se establecen son os seguintes:

1. No Bloque 1, COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DOS TEXTOS, aplicarase o criterio da avaliación continua polo que os alumnos non gozarán de recuperacións intertrimestrais, pero si dunha recuperación ao final do curso. Considerarase positiva a cualificación cando se supere o 50% dos CCA deste bloque e o seu aprobado é condición sine qua non para aprobar a avaliación.

Se un alumno non supera as probas correspondentes aos CCA do BLOQUE 1 só na 3ª avaliación / nin na 2ª nin na 3ª / nin na 1ª nin na 2ª nin na 3ª, poderá presentarse á recuperación final previa á proba extraordinaria.

2. No caso de resultar negativa a cualificación nos Bloques 2, GREGO E PLURILINGÜISMO; 3, A LITERATURA GREGA NOS SEUS TEXTOS; e 4, LEGADO E PATRIMONIO farase a recuperación pertinente despois de cada avaliación. No caso de resultar positiva a cualificación, aplicarase as fórmulas correspondentes para recualificar a materia.

3. No período posterior á terceira avaliación e antes da avaliación extraordinaria, haberá probas de recuperación para o alumnado que non supere determinadas unidades didácticas e/ou trimestres e/ou curso completo. No caso de resultar positiva a cualificación, aplicarase as fórmulas correspondentes para recualificar a materia.

4. Se o alumno non supera con cualificación positiva a materia cos procedementos xa sinalados, deberá presentarse a unha proba extraordinaria escrita, na que se recollerán os contidos correspondentes aos CCA sinalados como mínimos nesta programación.

Os criterios de cualificación aplicados serán os seguintes: Bloque 1: 70 % // Bloque 2: 10% // Bloque 3 y 4: 20%.

Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación positiva no 50 % dos Criterios de Avaliación, é dicir, un 5.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

Sendo o Grego II unha materia de opción de modalidade que o alumnado escolle de forma voluntaria, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Logo da avaliación inicial e seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, adoptaranse medidas como:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.)

- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado. Este punto é básico e debe determinar dende o primeiro momento a programación de todas as materias do centro.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Esta medida será unha das máis frecuentes e de fácil aplicación.

- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto debe ser unha medida a considerar no caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención

cando a situación o aconselle.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.
- alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

En todo caso, a posta en práctica destas medidas ou de calquera outra non relacionada anteriormente deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo docente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.							X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.							X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.					X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.				X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a paz.						X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - A comprensión lectora.	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X
ET.10 - A educación para a paz.	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar o respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, á xustiza, á igualdade, ao pluralismo político, á paz e á democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixes vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Festival de teatro grecolatino.	Asistencia ás obras de teatro clásico e visita á cidade que alberga o Festival, no mes de marzo, normalmente.		X	
2 Visitas	Asistencia a algunha actividade como exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.	X	X	X

Observacións:

Asistencia a algunha outra actividade como exposicións, charlas ou acontecementos que poidan xurdir durante o curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

1 Planificación adecuada: número, duración das actividades, coherencia e nivel de dificultade.
Metodoloxía empregada
3 Obxectivos alcanzados e selección de contidos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4 Pertinencia e accesibilidade dos materiais utilizados.
Medidas de atención á diversidade
5 Resultado das medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
2 Grao de motivación logrado na aula, participación e progreso do alumnado e valoración de resultados finais.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
6 Tratamento dos elementos transversais e actividades complementarias.

Descrición:

En canto ao indicador 1 usarase unha folla de rexistro en distintos momentos do curso, especialmente ao remate de cada unidade didáctica e unha enquisa con preguntas directas ao alumnado para valorar os elementos positivos e negativos.

Para o indicador 2 usaremos cuestionarios ao alumnado que pasaremos ao final de cada trimestre para ver a evolución do proceso. Ademais, os resultados de aprendizaxe en cada avaliación, serán analizados para comprobar que estamos conseguindo os obxectivos.

Avaliaremos o proceso de ensino e a práctica docente utilizando rúbricas para os indicadores do grupo 3 a 6 ao final de curso.

A información obtida permitiranos realizar o contraste da práctica educativa co programado, a fin de realizar a revisión e, se fose necesario, a modificación das decisións que adoptásemos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A nosa programación constitúese como un instrumento vivo que o docente seguirá como marco de referencia e que permite introducir as correccións e melloras pertinentes, evitando así as improvisacións. Todo iso conseguirase seguindo as directrices desenvolvidas nos puntos e elementos anteriores dunha maneira flexible e adaptándose ás circunstancias concretas do centro e do alumnado.

A programación, nos puntos que se estime, revisarse nas reunións que o Departamento celebra, especialmente despois de analizar os resultados de cada unha das avaliacións. Calquera cambio que se realice será comunicado aos membros da comunidade educativa que se vexan afectados.

Os elementos que serán revisados de maneira especial serán os seguintes:

- Número de sesións previstas e número de sesións utilizadas en cada UD.
- Orde dos contidos explicados.
- Actividades realizadas.
- Grao de cumprimento da UD.
- Obxectivos alcanzados.
- Propostas de mellora.

Estes cambios e adaptacións serán recollidos nas correspondentes actas de reunión, no apartado de seguimento da propia plataforma Proens e posteriormente na memoria final de curso.

Na derradeira reunión de departamento recolleranse as propostas de mellora de cara a modificar e mellorar a programación da materia no vindeiro curso.

9. Outros apartados